

VENDA DE ENTRADAS

Na tesourería do Concello ou o propio día da función.

OUTRAS ACTIVIDADES DE INTERESE NO CONCELLO DE PONTECESO

XXII FEIRA DAS FABAS:

O 27 de outubro no Campo da Feira de Ponteceso

XVII CERTAME DE CORAIS POLIFONICAS DO NADAL 2012:

O día 22 de decembro ás 21:00 h, no Centro Cultural

PARA OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS,
consultar os folletos impresos ou a páxina web do
Concello de Ponteceso: www.ponteceso.net

Para máis información:

Concello de Ponteceso 981 714 000 (ext. 6)

Oficina Municipal de Corme 981 738 428

ORGANIZA:



Concello de
PONTECESO
Concellería de Cultura

SUBVENCIONA:



DEPUTACIÓN
DA
CORUÑA

COLABORA:



MONTE
BRANCO
ASOCIACIÓN CULTURAL

XIX CICLO DE TEATRO

PONTECESO 2 0 1 2



Sábados
ás 22:30 h na
A.C. MONTE BRANCO

3, 10, 17 e 24 de NOVIEMBRE

Sábado 3 de Novembro - 22:30 h

Prezo entrada: 3 €

- ▶ **COMPAÑÍA:** Teatro do Astracán
- ▶ **OBRA:** Ladrón e familia
- ▶ **SINOPSE:** Ladrón e Familia é un espectáculo cómico a partir dos conflitos que se desenvolven na casa dun matrimonio acomodado cando se atopan cun ladrón un chisco torpe no salón da súa casa. Maridos, mulleres, as súas amantes, ciumes e malentendidos son os ingredientes deste menú de enredo no que nada é o que semella.
Os lios amorosos dos nosos protagonistas, as medias verdades, as mentiras, as visitas inoportunas, as falsas apariencias e as múltiples referencias cinematográficas e televisivas aportan aínda máis comicidade a unhas situacións xa de por si cómicas por ridículas e, sobre todo, comprometidas.
Todo elo presentado por unha serie de personaxes creados por Evaristo Calvo, aloucados e desquiciados, clásicos pero tamén moi actuais, cunha alta dose de autoparodia e cos que o público se sente moi identificado.
- ▶ **ACTÚAN:** Pedro Brandariz, Fran Campos, Saleta Fernández, Abrahán Sande, Rogelia dos Outeiros e Alberte Torres
- ▶ **DURACIÓN:** 60'
- ▶ **PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** Maiores de 12 anos

Sábado 10 de Novembro - 22:30 h

Prezo entrada: 3 €

- ▶ **COMPAÑÍA:** Mago Teto
- ▶ **OBRA:** Novas tolemaxias
- ▶ **SINOPSE:**
Despois de tres anos xogando con outras artes escénicas nos meus espectáculos, como a música en directo, o teatro, a danza... na "Maxia da Santa Compañía" e "O Afiador", retorno a esencia do ilusionismo en estado puro cun espectáculo cheo de efectos novidosos tocando todas as disciplinas da maxia (dende efectos de maxia de cerca ata grandes ilusións, pasando polo mentalismo, a manipulación...) sempre acompañados de situacións absurdas e surrealistas cun toque canalla.
E esta menestra ten como obxectivo final a realización dun espectáculo entretido, divertido, estético, emotivo e, sobretudo, cheo de ilusión e de ilusións.
- ▶ **ACTÚAN:** Mago Teto e Jorge Prieto
- ▶ **DURACIÓN:** 90'
- ▶ **PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** Adulto

Sábado 17 de Novembro - 22:30 h

Prezo entrada: 3 €

- ▶ **COMPAÑÍA:** Talía
- ▶ **OBRA:** Pelos na lingua
- ▶ **SINOPSE:**
Pelos na lingua vai destinado a todo o mundo (e non esaxeramos), independentemente da súa posición respecto á lingua: aos galego falantes, aos que non o son, aos que queren selo pero non se atreven, aos que si queren selo e tomaron esa determinación, aos que non o falan porque non o saben falar ben, aos que lles dá igual que se fale ou non, aos que pensan que o galego debería ser a lingua universal, aos que pensan que debería ser o inglés a lingua universal, aos que cren que a maioría dos galegos falan castelán, aos que cren que a maioría dos galegos falan galego, a políticos, a mestres, a alumnos, a actores, a actrices, a carpinteiros, a carpinteiras, a todos e a todas. Ao mundo enteiro, independentemente da súa lingua.
- ▶ **ACTÚAN:** Artur Trillo, Toño Casais e María Ordóñez
- ▶ **DURACIÓN:** 70'
- ▶ **PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** Maiores de 12 anos

Sábado 24 de Novembro - 22:30 h

Prezo entrada: 3 €

- ▶ **COMPAÑÍA:** Malasombra
- ▶ **OBRA:** Go on!
- ▶ **SINOPSE:**
Logo da chegada do home á lúa á humanidade só lle faltaba un reto: a chegada do home a Galicia. No ano 2010 (ano 25 despois de Gayoso), dous intrépidos exploradores tiveron o valor de adentrarse nas descoñecidas terras galaicas a través da ruta xacobeá.
"Go On!" é unha emocionante novela de aventuras na que os seus protagonistas viven situacións extremas como o terrible ataque do despiadado can de palleiro ou a entrevista a un porco no corredor da morte.
"Go On!". Unha odisea cómica no espacio galego.
- ▶ **ACTÚAN:** Xoque Carbajal e Jouse García
- ▶ **DURACIÓN:** 60'
- ▶ **PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** Para todos os públicos